



EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

## ACTA

**Expediente núm.:**

PLN/2019/4

**Órgano colexiado:**

O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

|                          |  |
|--------------------------|--|
| <b>Tipo Convocatoria</b> | Ordinaria                                |
| <b>Data</b>              | 4 de abril de 2019                       |
| <b>Duración</b>          | Desde as 20:45 ata as 22:20 horas        |
| <b>Lugar</b>             | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| <b>Presidida por</b>     | JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS                 |
| <b>Secretario</b>        | MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS           |

### ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI        | Nome e Apelidos                    | Asiste |
|------------|------------------------------------|--------|
| [REDACTED] | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO    | SÍ     |
| [REDACTED] | AMALIA GOLDAR CORA                 | SÍ     |
| [REDACTED] | ANA MARIA ASOREY BREA              | SÍ     |
| [REDACTED] | BELÉN LOUZAO VIEITES               | SÍ     |
| [REDACTED] | CARMEN GÓMEZ OTERO                 | SÍ     |
| [REDACTED] | EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRIGUEZ      | SÍ     |
| [REDACTED] | JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS           | SÍ     |
| [REDACTED] | JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR          | SÍ     |
| [REDACTED] | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN       | SÍ     |
| [REDACTED] | LUCÍA SEOANE ROSENDE               | SÍ     |
| [REDACTED] | LUIS RENDO ARAUJO                  | SÍ     |
| [REDACTED] | MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA          | SÍ     |
| [REDACTED] | MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS        | SÍ     |
| [REDACTED] | MARÍA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE | SÍ     |

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 de 2)  
ALCALDE  
Fecha Firma: 03/05/2019  
HASH: 635ac328cccc4abab6b15c3aef9672



SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (2 para 2)  
SECRETARIA  
Data de Sinatura: 03/05/2019  
HASH: 22542b2bfebe679e24bb7d77916e84



**ACTA DO PLENO**

Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WCZPNG-J4235N3C4GRE3DNPY | Verificación: <http://astrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 16



|            |                                     |    |
|------------|-------------------------------------|----|
| [REDACTED] | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA           | SÍ |
| [REDACTED] | MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA      | SÍ |
| [REDACTED] | M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
| [REDACTED] | NEMESIO REY PAZOS                   | SÍ |
| [REDACTED] | ROMÁN SUÁREZ PORTO                  | SÍ |
| [REDACTED] | SILVIA NEIRA IGLESIAS               | SÍ |
| [REDACTED] | XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS             | SÍ |
| [REDACTED] | ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS        | SÍ |

Unha vez verificada pola Secretaría accidental a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE MARZO DE 2019**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de marzo de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 30 DE MARZO DE 2019**

**Favorable.**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

##### **Expediente 319/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019**

#### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2019-0005      Fecha: 03/05/2019



Cod. Validación: 7WC7PN6J4235N3CA-GRE3DNFY | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 16



**Favorable**

**Tipo de votación:** ordinaria

A favor: 11

En contra: 10

Abstencións: 0

Para explicar este punto concédese a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que é consciente que esta proposta de aprobación do Orzamento para o ano 2019 faise tardiamente por causa das circunstancias no que se atopa o departamento de Intervención, aproveitando para agradecer aos/ás seus traballadores/as o esforzo e labor realizados.

Continuando co asunto que se trata neste punto, di que estamos ante o orzamento que acada unha cifra récord na historia deste concello de 13.236.900,00 euros, ademais de cumprir co equilibrio económico entre ingresos e gastos. Informa que no expediente constan as Bases de Execución así como o cadro de persoal e demais documentación esixida para a respectiva tramitación.

Destaca, con respecto ás cifras máis importantes en cuestión de liñas de acción, aquelas que buscan o mantemento e mellora dos servizos municipais que se prestan na actualidade, aos que hai que engadir outros novos tales como a ludoteca municipal, o centro de día e a nova escola infantil. Así mesmo garántase nestes orzamentos a coberturas das obrigas que o Concello ten en materia de persoal, operacións de crédito e compromisos plurianuais.

Di que estes orzamentos axústanse rigorosamente ás necesidades do noso concello e ás obrigas que se veñen contraendo ao longo do ano, todo elo buscando sempre un punto de equilibrio entre autofinanciamento e sostenibilidade dos servizos municipais, ao abeiro da importancia que ten a contención fiscal. En relación a isto último, aclara que este Concello está entre as presións fiscais máis baixas de Galiza, de feito continúaase coa conxelación dos impostos directos e das taxas municipais, ademais de conceder bonificacións, na medida do posible, a todas aquelas actuacións que benefician o desenvolvemento do comercio no noso municipio, exemplo disto é a entrada en vigor este ano a bonificación para aquelas edificacións onde se desenvolvan actividades económicas de tipo agrícola, gandeiro ou forestal; sen esquecer outras bonificacións aplicadas en exercicios anteriores, tales como para familiar numerosas, acceso ao Conservatorio, etc.

En canto ás principais modificacións que sofre este Orzamento, o Sr. Blanco sinala que nos Impostos Indirectos se actualizan as previsións ao abeiro dos Padróns de cada imposto; no relativo aos Impostos Directos, é onde existe unha maior variación, observándose un incremento de 431.000 euros a causa do IBI Urbano; mantense o ICIO; increméntanse as previsións en taxas e prezos públicos por mor da previsión do ano 2018, deste xeito aumentan aqueles relativos a recollida de lixo, sumidoiros e subministro de auga (grazas á xestión recadatoria do ORAL). Destaca tamén no apartado de ingresos, a diminución da participación nos ingresos do Estado, supoñendo unha baixa de aproximadamente 200.000 euros con respecto ao exercicio anterior. No que respecta á aportación que fai a Consellería de Facenda, prodúcese un incremento de 41.000 euros. Continuando coa partida de ingresos, fai especial mención ao préstamo que se fai neste ano pola cantidade de 240.000 euros e derivado da amortización anual, lembrando que o ano pasado canceláronse préstamos existentes, o que suporá unha menor carga financeira para este

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**

Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cod. Validación: 7WC7PNG-JJ4235N3CA4GR3DNIPY | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPúblico Gestión | Página 3 de 16



ano.

No que respecta ao Estado de Gastos, o Sr. Blanco sinala que existe un incremento na partida de persoal a consecuencia de:

- Inclusión das prazas de Asesor Xurídico (figura importante para apoio do departamento de Secretaría) e Xefe de Policía (en cumprimento de sentenzas ditadas por reclamacións derivadas da RPT);
- O cumprimento das sentenzas ditadas por distintos Xulgados e que recoñecen o nivel 20 para os axentes da Policía Local e o 22 para o Oficial.
- A contemplación do aumento do 0,25% previsto no RDL 24/2018.
- Dotación suficiente para a contratación de persoal laboral.
- Dotación necesaria para facer fronte ao Plan de Emprego Municipal que puxo en marcha este grupo de goberno no ano 2017 e cunha duración de 3 anos.

Continúa detallando o Estado de Gastos, argumentando que, dentro do capítulo de Gastos Correntes e Servizos, se dota suficientemente a aportación municipal derivada da execución da EDUSI 2020; tamén se contempla a necesidade económica para cubrir os consumos de subministros e servizos, tratando acadar, na medida do posible, rebaixas no respectivos consumos (teléfono, enerxía eléctrica, etc.); en canto á carga financeira, prodúcese unha diminución grazas a amortización extraordinaria de 900.000 euros no exercicio 2018 e que ven a repercutir favorablemente no esforzo financeiro que ten que facer o Concello; no que respecta ás transferencias correntes, destaca o aumento de dotación á aportación que ten que facer este Concello na área metropolitana, eliminándose a subvención nominativa a favor da AGADEA; e, finalmente, mantéñense todas as obrigas derivadas da EDUSI.

No relativo ás Bases de Execución, o Sr. Blanco destaca a creación do subconcepto 90, no cal son recollidos os recoñecementos de crédito de exercicios anteriores e que tiveron entrada durante este ano, dotándose de máis de douscentos mil euros e, deste xeito, cóntase coa cantidade suficiente para cubrir estas necesidades e se efectuará o pagamento aos provedores de forma máis pronta. Tamén destaca que nestas Bases figura a subvención nominativa a favor da Asociación Camiño Miño Ribeiro.

O nomeado Concelleiro de Facenda traslada que o seu grupo de goberno segue apostando por cubrir as necesidades da sociedade estradense, sobre todo no ámbito social, de feito prodúcese un incremento moi importante en partidas relacionadas coa terceira idade, co servizo de axuda no fogar, ademais de que as partidas destinadas a servizos sociais acaparan cerca de 1.300.000 euros do Orzamento, reflexando un importante aumento con respecto a orzamentos de exercicios anteriores, debido tamén ao aumento de prestación de servizos de carácter social (ludoteca, centro de día, etc.).

Continúa dicindo que se contra de forma extraorxamentaria cos remanentes que se incorporan con destino a inversións sostibles e que alcanzan aproximadamente 1.700.000 € (aprox.) e que é o superávit do ano 2018.

Finalmente, di que o Orzamento para 2019 reflexa a filosofía do grupo de goberno.

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, dicindo que este Orzamento preséntase fóra do prazo sinalado pola lexislación aplicable, a pesares de que, segundo información facilitada, empezouse a traballar na súa elaboración no pasado mes de setembro, a parte diso, preséntase un orzamento entre os máis elevados dos últimos anos en canto a recadación e o máis cativo en canto a beneficios dirixidos á cidadanía, xa que considera que non vai a sacar ao noso municipio da parálise nin dinamizar economicamente ao noso

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cod. Validación: 7WC7PNGJJ4235N3C4GRE3DNPY | Verificación: <http://eestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico. Gestión | Página 4 de 16



concello, nin sequera vai a permitir frear a caída demográfica e que outras empresas de fóra veñan a instalarse no noso territorio creando novos postos de traballo, opinión que deriva de que neste proxecto de orzamento se recollen os mesmos gastos que de anos anteriores, coa salvedade de que son máis caros. Di que se van a ingresar 430.000 euros máis pola recadación de Impostos Directos, os cales destínanse directamente a gastos, de feito, analizando o documento, observa que a partida de “material, subministro e outros” sofre un incremento de 441.000 € con respecto ao ano anterior; e, con respecto ao Capítulo de Inversión Real, diminúe considerablemente, xa que Fondos Propios importa a cantidade de 182.000 €, acudindo á figura dun préstamo para pagar integramente á Galiña Azul.

Continua dicindo que se tratan duns orzamentos que reflicten a imposición aos estradenses dunha continuidade na situación na que se atopan, a pesares do aumento na recadación, xa que este documento carece claramente dunha estratexia para mellorar as condicións de vida dos/das estradenses, exemplo diso é que o rural non se beneficia nada deste novo orzamento (60% da nosa poboación), ademais de non recoller todas esas promesas que se viñan facendo dende fai meses, entre eles á de dotar con 100.000 € ou 80.000 € para a traída de Codeseda, á das traídas de Nigoí e Tabeirós, á de dotar de saneamento todos os núcleos do rural (non habendo previsión nin para un só).

Di a Sra. Louzao que, sorprendentemente, soamente se dota a este orzamento de 20.600 euros para o arranxo, acondicionamento ou mellora de vías urbanas e rurais, cantidade que dista moito dos 600.000 € que dixo o Concelleiro de Facenda á prensa, deixando constancia da pobreza deste proxecto de Orzamento en canto á cobertura das necesidades do noso municipio e dos nosos/as veciños/as; ademais, non quere esquecer aquela promesa feita polo Alcalde en relación coa ampliación do Polígono Industrial e que dota neste Orzamento cun só euro.

Ante o anterior, non ve onde está a afirmación do Concelleiro de Facenda de que este Orzamento ía a conter “gasto”, xa que non observa un incremento decente do gasto nin sequera se contempla unha diminución doutros gastos, tales como o de material de oficina (a pesares da administración electrónica), consumo de enerxía eléctrica (o cal, en lugar de reflectir o aforro que predicía o Sr. Alcalde, sofre un aumento), ao anterior hai que engadir os 200.000 € previstos para pagar gastos do ano anterior.

Di que, a pesares de haberse privatizado un Pavillón municipal, se sega contemplando partidas para o seu mantemento; ou que se sega contemplando a Feira da Becerra cando se leva dende o ano 2012 sen celebrarse, contemplándose cinco mil euros para facer una cena cos gandeiros.

Ante o dito, a Sra. Louzao aconsella ao grupo de goberno que se tomen en serio estes orzamentos, xa que o que se fixo foi tomar o do ano pasado, incrementalos nos seus gastos e retraelos no Capítulo de Inversións; e, ante o incremento dos Ingresos, non observa que os estradenses vaian a recibir máis, xa que o incremento do SAF débese ao aumento dos soldos do persoal que presta este servizo a causa da suba do SMI e non porque se abarque a máis usuarios. Por outra banda, non ve reflectido neste Orzamento o aforro material de subministrados como se dicía, ao igual que non ve outros temas como o de política industrial e de emprego, polo tanto, faise o mesmo que antes pero con máis diñeiro; outro exemplo, é que se destina menos diñeiro á Feira do Moble cando de todos é sabido que necesita dun empuxe e de maior inversión.

Polo manifestado anteriormente, a Sra. Louzao considera que este grupo de goberno está a tomar o pelo á cidadanía, xa que falan dos ingresos extraorxamentarios deste orzamento, non sendo máis que o que se deixou de facer nos últimos catro anos, acumulándose para os últimos quince días, e así facer un “sprint” antes das eleccións; ante isto, o seu grupo político non pode apoiar este proxecto de Orzamento para o 2019, xa que, entre outros, non serve para dinamizar a economía local, non frea a caída demográfica do noso municipio e non ofrece á nosa veciñanza máis servizos de saneamento; sendo o único que pretende o aumentar os contratos con empresas de fóra e gastar cartos en proxectos que, á hora da verdade, non se traducen en beneficios para os/as nosos/as veciños/as.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cod. Validación: 7WC7PNGJJ4235N3C4GRE3DNIPY | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 5 de 16



Continúa esta voceira, denunciando que, con respecto ás actividades para maiores no rural de que fai gala o Concelleiro de Facenda, a data de hoxe aínda non comezaron. Polo que pide por favor que o grupo de goberno non se ría da cidadanía.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco Casais**, lamentándose de que, ao igual que outros anos, o Orzamento se someta ao Pleno para a súa aprobación fóra de prazo e tamén pechados, sen posibilidades de introducir as melloras aportadas polos grupos da oposición, sobre todo sabendo que dentro de pouco haberá eleccións locais e o partido que gane terá que asumir e executar uns orzamentos non adaptados ás necesidades reais do noso concello, xa que estamos ante uns orzamentos que desatenden ás persoas, aos servizos básicos, que non conteñen propostas para a creación de emprego e que consolidan o malgasto. Lembra que o seu grupo político na Comisión Informativa de Facenda presentou varias propostas a uns orzamentos que reducen a inversión reais en case un 70% e incrementan os gastos correntes en case medio millón de euros. Di que considera que estes orzamentos desatenden ás persoas, en concreto refírese ao Servizo de Axuda no Fogar, ao que considera prioritario, considerando que deberíase presupostar o número de horas precisas para eliminar a lista de agarda de persoas dependentes e que non están a recibir ningún tipo de axuda, xa que o incremento desta partida, previsto nestes orzamentos, é necesario para actualizar o soldo das traballadoras, sen embargo non é suficiente para mellorar o SAF.

En canto á creación de emprego estable e con soldos dignos, no Orzamento non se contempla ningunha medida real orientada a este fin; non contemplándose tampouco medidas para a ampliación do Polígono Industrial de Toedo, a pesares da proposta feita por Móvete e por ser unha das promesas electorais do Partido Popular, o que se traduce en que o grupo de goberno preferiu optar por investir os cartos na “chapuza” da Alameda; sen embargo, este domingo pasado sorprendeulle as declaracións do goberno de impulsar un plan parcial para emprender o primeiro desenvolvemento urbanístico, polo que propón que se modifiquen estes orzamentos e sexa reservada unha partida específica para a creación de solo industrial de iniciativa pública. Igualmente o seu grupo propón a creación de partidas para:

- A mellora dos sistemas de depuración de auga, tanto na vila como no rural.
- Para a mellora da rede de abastecemento de auga.
- Para o mantemento e conservación do patrimonio natural e cultural do concello.
- Redución da partida da Festa do Salmón para destinar parte da mesma ao fomento de publicacións que poñan en valor o patrimonio estradense.
- Reservar unha partida para poñer en funcionamento o Portal de Transparencia.

En materia de persoal, a Sra. Blanco cuestiona a creación de prazas ao marxe da RPT e que non teñen garantía xurídica, destacando que en oito anos incrementouse o gasto de persoal en máis dun millón de euros, non aproveitándose para a creación de postos necesarios.

No que respecta ao tema da limpeza, pregúntase como o grupo de goberno pensa xestionar a limpeza de toda a “gran praza branca” sita diante da Casa do Concello, salvo que pensen que non van a gañar as próximas eleccións e así deixan ese “petate” como un agasallo para aqueles que ocuparán o goberno municipal.

Inicia a súa intervención o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, manifestando, en primeiro lugar, que ler este proxecto de Orzamento para o 2019 lle lembra unha novela do escritor xaponés Murakami, que escribe sobre un mundo fantástico que só poden ver algúns personaxes, e igualmente pasan con estes orzamentos, xa que mostran un mundo fantástico que só poden ver o goberno do Partido Popular, porque dende logo a oposición non o ven e os/as veciños/as non o disfrutan. Exemplo é que non mundo da realidade tráese un Orzamento a finais do mes de marzo, non figurando a partida de un millón e pico de euros que leva xa gastado da concesión doutra administración (Deputación). Así mesmo, se non se tiveran en conta o incremento do IBI (430.000 €, aprox.) e amortización do crédito, entón o aforro neto sería

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WC7P7NGJ4235N3C4GR3SDNPP | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 6 de 16



negativo e non positivo como se presenta aquí. A única parte de realidade que observa neste documento, é que por fin se contemplan os pagamentos pendentes do ano anterior.

Noutro orde, di que outra realidade é aquela da que fala o grupo de goberno sobre que trátase dun Orzamento que axuda ao desenvolvemento económico, crecemento da riqueza, etc, realidade que se reflicte na partida de ingresos, en concreto sobre o que o goberno espera recadar pola apertura de novos establecementos, onde se reduce en doce mil e algo euros, non sendo unha realidade que os orzamentos non vaian dirixidas á mellora da economía dos estradenses. Di que o colmo da fantasía é onde se fala de que estes orzamentos van a axudar a investir en vías públicas, cando considera que 20.000 euros non son suficiente para pavimentación de vías rurais, polo que aquí non se ve a realidade. Outra realidade é que o Concello faise cargo das bonificacións do IBI para o mundo rural, pero a fantasía está en que estámonos facendo cargo dunhas bonificacións causadas polo incremento deste imposto establecido polo goberno do estado.

Por outra banda, seguimos sen saber cales son os investimentos que se van a facer con cargo ás partidas que chegan doutras administracións, porque estes non figuran nos orzamentos, aínda que xa sabe que o Concelleiro de Facenda dixo que se segue un criterio técnico para decidir que viais se asfaltan e cales se deixan para que se convertan en corredoiras destinadas a vehículos todoterreo.

Continúa dicindo que, se os números non foran algo real, todos poderíamos crer neste proxecto de Orzamento de fantasía; pero a realidade é que os cidadáns teñen que sufrir día tras día a falta de rede de sumidoiros e de deficiencias no subministro de auga, recollida de lixo, falta de limpeza viaria e escaso mantemento das infraestruturas públicas, causas polas que é difícil apoiar este Orzamento, propoñendo ao grupo de goberno que presente este documento a un premio de novela dotado con moitos cartos e seguro que o gañará, e desta maneira poderase incrementar o importe deste fantasioso Orzamento.

Intervén novamente o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, para aclarar que o seu grupo de goberno non lle quere tomar o pelo á xente, xa que o Orzamento que se trae a esta sesión é estrito, se adapta ás necesidades do concello e que dan cobertura ás obrigas orzamentarias, a diferenza do Orzamento do ano 2010, no que, sabendo que había un gasto de un millón e pico de euros en electricidade, se prevía unha partida con seiscentos mil euros. Explica que a non baixa da partida de subministro de electricidade, débese a que se seguen asumindo novos gastos, exemplo é que agora temos que manter a nova Escola Infantil e os servizos do novo Mercado, sendo esta a realidade, se aforra no prezo do subministro de electricidade, pero ese aforro se inverte na necesidade de subministro ás novas instalacións ou edificios municipais (os cales ofrecen novos servizos aos estradenses), xa que non se poden pedir menos gastos e máis servizos, iso é imposible.

En canto ás mentiras, aclara que todos os saneamentos que se emprenderon por este grupo de goberno están rematados; no relativo ao SAF, di que hai que adecuar o gasto real, porque hai incremento salariais, e non se pode ofrecer un servizo polo debaixo do custo real e dos custos salariais, e o incremento económico que ofrece non só vai para o salario senón tamén para ofrecer máis servizos; o que traslada tamén a outros servizos municipais, tal como é a Ludoteca e outros de nova creación; pero á oposición non lles interesa falar disto.

No que respecta á que se tacha de Orzamentos pechados este proxecto, di que se analizaron as propostas presentadas, pero si a proposta é que temos que editar un libro....., pois entón debe ser que os conceptos son diferentes para o grupo popular e para Móvete. Tamén é sabedor que vai a ser elixida unha nova Corporación despois das Eleccións Locais, e este grupo de goberno non quere deixar o mesmo que se atoparon eles cando entraron a gobernar este Concello no ano 2011, así que, veña que veña, vai a ter uns orzamentos estritos e axustados ás necesidades deste concello, ademais de economicamente ben dotados e sen maquillar, porque é preferible dicir a verdade.

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WC7PNG-JJ4235N3C4GRE3DN2Y | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico.Gestiona | Página 7 de 16



Continúa dicindo que se segue traballando en prol do emprego e apoiando a formación e, con respecto ao Portal de Transparencia, aclara que se está a tramitar dentro do EDUSI, ao igual que outros portais informáticos necesarios para a administración electrónica (portal do empregado, nóminas, etc.), sendo a intención facelo coa adxudicación a un único provedor.

Por outra banda, no que respecta á limpeza da Praza do Concello, non cre que vaia a ser a ruína deste concello, pero di que xa se verá, pero primeiro haberá que manchala.

Con respecto ás manifestacións do voceiro do BNG, considera que non debeu ler todos os documentos do Orzamento, porque non se pode deducir que se trata dunha novela de “mundo fantástico”, xa que se lee a Liquidación do ano 2018 entón ficará abraiado; sen embargo di que si se pode cualificar de fantástico o que fixo este grupo de goberno ao sacar adiante o PXOM, o Plan Parcial da Baiuca (que facilitou o terreo para as construcións do novo centro de saúde e escola infantil), conseguir as subvencións da EDUSI, etc. etc. Así mesmo, di que a Deputación non dou máis a este Concello nestes catro anos que nos catro anos anteriores, a pesares do moito que presume o Sr. Magariños.

Finalmente, o Sr. Blanco di que no final do Orzamento é onde se ve o resume de gastos e ingresos previstos para o 2019, 4.300.000 € en servizos públicos básicos, 3.141.000 € en actuacións de protección e promoción social e 2.368.000 € en producións de bens públicos de carácter preferente; deixando constancia da pretensión destes orzamentos e, sobre todo, da rigurosidade dos mesmos.

Intervén novamente a **Sra. Belén Louzao** para dicir que tan serios son estes orzamentos que se inclúen gastos prescindibles e que non deberían ser asumidos polo Concello, ademais de que se está a dicir á cidadanía que van a pagar máis este ano do que se vai a recadar, é dicir, que os estradenses van a pagar máis para non recibir nada novo a cambio e, incluso, menos con respecto a anos anteriores; di que se mercaron vehículos novos financiados con axudas da Deputación Provincial (a pesares de que din que non deu nada a este concello, aínda que lle consta que deu en torno a dez millóns de euros) e, sen embargo, as partidas destinadas a reparacións de vehículos son as mesmas; en canto a novos servizos, di que se tratan de servizos cofinanciados ou financiados polos cidadáns; polo tanto se está vendendo como inversión o que é realmente un gasto, de feito en materia de subministros tan só incrementan as súas partidas en 440.000 €.

Continúa dicindo que, afortunadamente, temos un goberno de estado que lles maquillou os orzamentos e, a pesares diso, non deixan de falar dos douscentos mil euros do SAF, cando é de todos sabido que van destinados ao salario dos traballadores.

Por outra parte di que si o grupo de goberno quere que se fale de comparacións, pois entón comparamos, se quere seguir acusando á oposición de certas cousas, pois acuse de que recibiron todo moi mal, pero lles lembra que foi este grupo de goberno quen fixo a liquidación do 2011 e houbo un remanente de máis de un millón de euros, polo que tan mal non debeu quedar entón o herdado.

Finalmente, di que se traslada aos cidadáns a feitura de obras que despois non se executan, tal é o caso da traída de auga de Tabeirós e Nigoi, xa que non se contempla en ningunha parte deste proxecto de Orzamento; tamén falan da traída de Codeseda e tamén non se recolle; en canto a solo industrial, nada de nada, se segue contemplando a mesma subvención que anos anteriores; nada de saneamentos, nada de aforro e, con respecto ao alumado de nadal, incrementase a partida (pasando de 15.000 a 40.000 euros) cando non hai máis rúas, esperando que lles informe para que se destinan tantos cartos nesta partida.

Polo dito, di que os estradenses verán como co Orzamento máis grande da historia só van a recibir “gravillas”, xa que se trata dun documento en que a maioría se vai a gasto e redúcese a inversión e, aínda así, o grupo de goberno o pretender vender como si fora un éxito, cando o que se está a facer é incrementar a recadación, e o grupo de goberno adícase a dicir o que vai a facer extraorzamentariamente, e que se traduce en que non se fará nada e todo dependerá do que dean

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WC7PNGUJ4235N3C4GR3EDNRY | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 8 de 16





outras administracións.

Por todo o manifestado, di que o seu grupo non apoiará este proxecto de Orzamento para o ano 2019.

Pide a palabra a **Sra. Mar Blanco**, para lembrar que o Concelleiro de Facenda dixo que estes orzamentos non estaban redactados para rirse da xente, entón pregúntase se é o programa electoral do PP o que se ri dos cidadáns, xa que neste último anúnciase que se van a facer un montón de cousas pero, sen embargo, non hai diñeiro destinado para elo neste Orzamento, tales como a creación de solo industrial, ao igual que pasou no proceso electoral último, que se prometeron medidas para o rural e non observou que se cumprira ningunha; polo tanto pide que non se rían da xente con estes orzamentos, aínda que observa que tamén é certo que non prometen nada nos mesmos, xa que non resolven absolutamente nada e non cumpren as necesidades do Concello sino que se axustan exclusivamente ás necesidade do goberno.

Intervén o **Sr. Xosé Magariños** para aclarar que o BNG non está a favor da Deputación, de xeito considera que se trata dunha entidade que non aporta nada e hai que reformular, pero o BNG é serio e cando está gobernando nunha institución o fai pensando no beneficio de todos os cidadáns, sexan ou non da súa cor política, polo que, cando se fala dos investimento neste concello da Deputación, hai que lembrar que investiu sobre dez millóns de euros, sendo a diferenza con respecto a lexislaturas anteriores en que non se pagou un campo de fútbol, senón que se fixeron obras realmente necesarias. Di que está cansado que se use o argumento das facturas do 2011, o que di moito da falta de argumentos do grupo de goberno, por iso lles pide que dirixan a súa mirada a como está o rural, xa que non se fixo nada cos orzamentos do ano pasado; con respecto á capacidade de xestión con outras administracións, di que a variante está incluída dentro dese mundo fantástico do PP ao igual que está a ampliación da autovía e do Polígono Industrial de Toedo, sendo a única realidade o cemento branco da Praza do Concello, o que non se pode considerar un beneficio para a cidadanía, xa que a praza xa estaba feita, só que era de pedra. Reitera a súa opinión de que os números que constan nestes orzamentos non o son, e as liquidacións que se presentan de anos anteriores que se relacionan coas melloras dirixidas aos/as veciños/as tampouco, sendo esta a verdadeira realidade.

Intervén por terceira vez o Concelleiro de Facenda, **D. Alberto Blanco**, para dicir que a algún lugar irán os vinte millóns que saíron da liquidación, xa que inicialmente o Orzamento non chegaba aos trece millóns e pechouse en vinte, polo que nalgún sitio estarán. En canto a liquidación do 2011, admite que foi positiva, pero á do 2010 foi negativa, pero quere aclarar o que tivo que facer o seu grupo de goberno para conseguir que a do 2011 fóra positiva, isto foi a solicitude dun préstamo de 600.000 euros, negociar con Augas de Galicia o pagamento que lle correspondía ao Concello da Estrada das obras da traída do Umia e o establecemento dun plan de pagamento dese millón de euros que se estaba a deber a Fenosa e todo iso coa limitación de non poder facer nada durante ese ano por non haber diñeiro.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** agradecendo, en primeiro lugar, a todos os presentes polas súas intervencións, seguindo estas o tónico xeral, porque nunca o oposición dixo nada en positivo sobre o que fixo este grupo de goberno durante os oitos anos que leva gobernando, nunca se tivo apoio nin no PXOM nin coa EDUSI.

Con respecto ao “mundo fantástico” do que fala o Sr. Magariños, di que ten a oportunidade perfecta para poñerse dentro de dous meses no mundo real, xa que á hora da verdade saca un só concelleiro, cando o PP leva dúas maiorías absolutas, sendo isto un claro exemplo do que é o mundo real, apostando de que despois das vindeiras eleccións o BNG quedará novamente cun só concelleiro ou ningún. Di que é consciente de que se cometen moitos erros neste Concello na toma de decisións, pero tamén é certo de que a liquidación do orzamento

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WYC7PNGJL4235V9ZAGRE33DNXY | Verificación: <http://sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma eS-Publico Gestión | Página 9 de 16



do ano pasado pechouse cun investimento de vinte e un millóns de euros, polo que cun Orzamento de doce millóns se foi capaz de xestionar un investimento de vinte e un millóns, sendo reflexo diso a Avda Fernando Conde, os tres millóns investidos en asfaltados no rural, a reforma integral dos Xardíns municipais (cunha ampliación da superficie da alameda moi desexada por todos os estradenses), unha cobertura do 100% de prazas para a Escola Infantil, un novo Centro de Saúde (entre os maiores de Galiza), etc.; obras e infraestruturas que os veciños ven día a día e que valorarán nas urnas, non debendo tomar por parvos/as aos/as nosos/as veciños/as, xa que estes no momento das eleccións saben perfectamente a quen están votando e quen lle poden ofrecer unha oportunidade de futuro.

No relativo ás afirmacións da falta de creación de novos servizos, afirma que este grupo de goberno confeccionou uns orzamentos baseados nos principios de rigor, de prudencia (sen maquillar as cifras para gañar votos), que cobren todos os compromisos orzamentarios (con todas as facturas pagadas a 31 de decembro). Así mesmo di que a vindeira corporación va a gozar dunha liquidación do orzamento de 2018 de 2.895.000 € en positivo, ao contrario da herdanza recibida por este grupo de goberno no ano 2011 (negativa en 1.200.000 €). Con respecto á acusación de que non se ten capacidade inversora, di que a día de hoxe temos 7.000.000 de euros de investimentos reais en execución, unha capacidade inversora de recursos de 2.600.000 € de EDUSI (pendentes de adxudicación de proxectos), 1.700.000 € de remanentes da liquidación e 600.000 € de remanentes de obras licitadas dispoñibles para a súa execución, ademais de case 5.000.000 € de remanentes para poder executar saneamentos, asumir compromisos de investimentos, para o cofinanciamiento das traídas de augas de Codeseda e de Tabeirós e Nigoi, etc. Entón, conclúe con que os partidos da oposición non están acostumados a xestionar da maneira deste grupo de goberno e, polo tanto, estean despistados e non vexan a realidade, a realidade da que a próximo corporación vai a dispoñer dun verdadeiro tesouro con este proxecto de Orzamento.

Por outra banda, por prudencia, este grupo de goberno non vai a cuantificar ningún aforro ou gasto que non sexa seguro, porque son difíciles de cuantificar, e polo tanto recóllese a totalidade e, ao ser o orzamento un documento vivo, irase modificando segundo as capacidades de xestión e os resultados que se vaian dando en cada caso; sendo realmente triste e cruel o que fan outros partidos políticos de auto enganarse, facendo uns orzamentos baseados na mentira, baixando os gastos e subindo os ingresos para así, cando cheguen as liquidacións orzamentarias, non se dean nivelado os resultados; pero o seu grupo de goberno non ten nada que demostrar, xa que se ten un remanente de 2.895.000 €, derivado da capacidade de xestión do actual grupo de goberno.

Polo dito lle da moita pena que os grupos da oposición non vexan a realidade e se queden nos pequenos detalles e nas anécdotas, en aquilo que poida dar un titular, non parándose en aspectos máis importantes, tales como o 1.250.000 € de investimento en políticas de emprego, repartidos entre o plan de axudas a emprendedores, plan de emprego municipal, plan de emprego da Deputación, plan integrado de emprego, obradoiro de emprego, portal de emprego e servizo de orientación laboral; pero a oposición quédase coa afirmación de que nestes orzamentos non se destina cantidades para a promoción do emprego, polo que non saben que documentos estudaron, e, por outro lado, a oposición non quere que se incremente o gasto corrente, pero a posta en marcha destes plans de emprego implica a suba do gasto, e esa é a realidade, sendo tamén unha realidade de que se se quere facer políticas activas é necesario investir e gastar.

Finaliza, dicindo que este proxecto de Orzamento para o ano 2019 está pensado para a corporación que ven, deixándolle unha herdanza para acometer unha xestión extraordinaria, cun Concello totalmente saneado, cun índice baixo de endebedamento e cunhas cifras económicas financeiras envexables; en definitiva un orzamento do que se sente moi orgulloso.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do PP (11) e en contra do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE (10), o seguinte **ACORDO**:

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WVG7PNGUJ4255N3C4GR33DNPY | Verificación: <http://sestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esFublico Gestión1a | Página 10 de 16



Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 15/03/2019 de aprobación do proxecto do Orzamento para o exercicio 2019.

Visto o proxecto de orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2019, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria a que fan referencia os artigos 165 e ss do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 15/03/2019.

Visto o informe de Intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, asinado con data 15/03/2019.

Visto o informe emitido con data 15/03/2019 pola Secretaría municipal.

Visto que se deu conta do devandito proxecto ao Consello Económico Social na súa sesión celebrada o 25/03/2019.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na sesión celebrada o 28/03/2019.

Visto a demais documentación que consta no expediente 319/2019.

#### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** A aprobación do proxecto de Orzamento para o exercicio 2019, segundo estados de gastos e ingresos e documentación anexa, e cuxo resumen por capítulos é o que de seguido se indica:

#### ESTADO DE INGRESOS

Capítulo 1: Impostos Directos: 4.157.000,00 €  
Capítulo 2: Impostos Indirectos: 100.000,00 €  
Capítulo 3: Taxas e outros ingresos: 2.536.026,00 €  
Capítulo 4: Transferencias correntes: 6.175.926,60 €  
Capítulo 5: Ingresos patrimoniais: 12.833,40 €  
TOTAL CORRENTES: 12.981.786,00 €

Capítulo 6: Enaxenación de inversións reais: 18,00 €  
Capítulo 7: Transferencias de capital: 96,00 €  
Capítulo 8: Activos financeiros: 15.000,00 €  
Capítulo 9: Pasivos financeiros: 240.000,00 €  
TOTAL CAPITAL: 255.114,00 €

TOTAL INGRESOS: 13.236.900,00 €

#### ESTADO DE GASTOS

Capítulo 1: Gastos de persoal: 5.413.401,01 €  
Capítulo 2: Compra bens correntes e servizos: 6.408.120,91 €  
Capítulo 3: Gastos financeiros: 24.513,06 €

#### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WCTPENG-LU025N3CAGFE3DNY | Verificación: <http://sedeinfo.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 11 de 16



Capítulo 4: Transferencias Correntes: 722.999,00 €  
TOTAL CORRENTES: 12.569.033,98 €

Capítulo 6: Inversións reais: 182.201,92 €  
Capítulo 7: Transferencias de capital: 229.424,00 €  
Capítulo 8: Activos financeiros: 15.000,00 €  
Capítulo 9: Pasivos financeiros: 241.240,10 €  
TOTAL CAPITAL: 667.866,02 €

TOTAL GASTOS: 13.236.900,00 €

**Segundo.-** Someter o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados á inversións financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos correspondentes á liquidación do ano 2018, en aras ao establecido na disposición adicional 14ª do RDL 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

**Terceiro.-** Ao abeiro do indicado no artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990, anular as seguintes modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado, por estar as mesmas incluídas nos créditos iniciais:

- Nº de expediente: 4/D/2019 (Expediente 772/2019)
- Tipo de modificación: Transferencia de crédito
- Descrición: Dotación de crédito execución Sentenza 225/2018 do Xulgado do Social nº 2
- Importe: 103.000,00 €
- Acordo de aprobación: Decretos da Alcaldía núms. 2019-0184 e 2019-0186 de 18/02/2019
  
- Nº de expediente: 5/D/2019 (Expediente 852/2019)
- Tipo de modificación: Transferencia de crédito
- Descrición: Dotación de crédito execución Sentenzas 22, 24 e 28 de 2019 (Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 e nº 3)
- Importe: 4.580,00 €
- Acordo de aprobación: Decreto da Alcaldía nº 2019-0207 de 22/02/2019

**Cuarto:** Ratificar para o exercicio 2019, para o persoal laboral fixo, a seguinte equiparación entre postos de traballo e niveis de complemento de destino aos únicos efectos da determinación da retribución compensatoria incluída nas pagas extraordinarias:

- Técnico de xestión: Nivel 26
- Tradutor de galego: Nivel 26

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cod. Validación: 7WC7PNGJJ4235N3CA4GR3DNPY | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 12 de 16



- Director da Banda de Música: Nivel 24
- Profesores da Escola de Música: Nivel 24; 50% por xornada reducida
- Asistentes Sociais: Nivel 24
- Informático: Nivel 24
- Técnico Inserción Sociolaboral: Nivel 24
- Educador Familiar: Nivel 24
- Técnico Psicoloxía C.I.M.: Nivel 24
- Auxiliares Administrativos: Nivel 16
- Conserxes: Nivel 14
- Limpadoras: Nivel 14
- Director Escola Infantil: Nivel 24
- Monitor de Tempo Libre: Nivel 20
- Socorrista piscina: Nivel 20
- Vendedora entradas piscina: Nivel 14
- Limpador vestiarios: Nivel 14

A inclusión do persoal laboral indefinido nesta relación, ven motivada nas sentenzas xudiciais que establecen a equiparación cos laborais fixos.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE MARZO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 29 de marzo de 2019, que comprenden dende o número 2019-0240 ao número 2019-0355 (ambos os dous incluídos).

A corporación en Pleno queda sabedora.

Abandona a sesión o concelleiro D. Román Suárez Porto.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para lembrar que leva

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WC7FNGJLJ4235N8C4GREG3DNjy | Verificación: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la Plataforma esP-Ubico Gestión | Págin 13 de 16



más de dous meses agardando polo censo de obrigados tributarios do Polígono e que previamente solicitaron por rexistro de entrada, solicitude debida ás queixas de varios cidadáns, polo que pide que llo fagan chegar o máis pronto posible.

Lembra tamén, dirixíndose ao Concelleiro Nemesio Rey, que fai dous meses que lle pediron que convocara unha reunión en calidade de xerente da Fundación, para debater a situación do sector do moble.

Dirixíndose á Concelleira Dna. Amalia Goldar, lle pregunta si recibiu o escrito polo que se pedía a convocatoria dunha Comisión Informativa de Benestar Social.

Responde a **Sra. Amalia Goldar** que ten que falar co departamento de Secretaría, pero non ten constancia do nomeado escrito.

Toma a palabra a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para informar de diferentes puntos de acumulación de lixo, tales son na Avda de Pontevedra (ao inicio da “ruta do colesterol”), na parte de atrás do CEIP de Pérez Viondi, en varios puntos da parroquia de Ribeira e no campo da festa de Sabucedo.

Traslada unha pregunta dos veciños de Aguións sobre se se vai a asfaltar a pista que vai ao cemiterio.

A esta pregunta lle contesta o **Sr. Alcalde** que está incluída no proxecto de asfaltados actualmente en execución.

Continúa coa súa intervención a **Sra. Mar Blanco** para informar que os veciños de Tabeirós advirten da falta dos columpios.

Responde o **Sr. Alcalde** que eses columpios estaban sitios no atrio da igrexa e o Sr. Cura os retirou por problemas de seguridade e, como consecuencia, algúns veciños pediron que se volveran a colocar nesa zona, pero trátase dun terreo de propiedade da igrexa e, polo tanto, intentarase chegar a un acordo para recolocar algúns elementos de xogo recuperados da alameda.

A **Sra. Mar Blanco** comunica que os veciños da Consolación-Tabeirós preguntan se hai previsión de reparación da pista que pasa por este lugar (de titularidade da Deputación).

O **Sr. Alcalde** lle responde que non é coñecedor de que haxa algún proxecto para o asfaltado desa pista por parte da Deputación.

A **Sra. Mar Blanco** fai o rogo de que se faga todo o posible para conseguir a parada de autobús en San Martiño – Barbude.

O **Sr. Alcalde** lle informa que por parte do Concello xa se fixo todo o posible, incluso reunións co Xefe Territorial co Inspector..., pero parece ser que esta parada que se pretende non reúne os requisitos necesarios e, en caso de concedela, crearía un precedente porque, ao fin e ao cabo, todos queren unha parada próxima ao seu domicilio, así que a Consellería non da o visto bo para esta instalación.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para trasladar varios rogos:

- Que sexan reparadas as beirarrúas da Rúa 25 de Xullo
- Que sexa colocado un contedor de papel na Rúa Gradín.
- Que se proceda á reparación de parte dunha pista sita no lugar de Cebados da parroquia de Aguións, así como doutro camiño no lugar de A Raxeira.
- Que se repoñan varias sinais viais (velocidade, fauna salvaxe e un stop) no cruce que

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 7WC7PNG-JJ4235NSC4GR3EDNYPY | Verificación: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 14 de 16



vai ao campo da festa de Pardemarín.

- Arranxar ou substituír un contedor de lixo sen tapa sito no cruce mencionado no punto anterior.
- Proceder á reparación da pérgola existente no Campo da Feira
- Que se limpen as sinais sitas en varios tramos do rural, xa que moitas delas non son visibles (exemplo, tramo que vai a Barcala).
- Que se proceda á limpeza dos xogos sitos na Praza do Mercado.
- Tamén pide que se empregue unha linguaxe inclusiva nos carteis de benvida ao Concello, empregando a frase “dámoslle a benvida” ou “dáse a benvida” e, deste xeito, inclúese a todo o mundo.

Tamén formula a pregunta sobre o que pasa na rúa do Muíño, porque está a medio rematar e sen finalizar.

A esta pregunta lle contesta o **Sr. Alcalde** que se fixo un ancheamento da rúa para o que se falou cos propietarios dos terreos afectados, e agora se está esperando que Telefónica retire os postes que antes estaban nunha finca e agora quedaron na rúa por motivo do dito ancheamento, en todo caso, poderíase proceder a dito traballo polo Concello e así rematar definitivamente coas obras.

Pregunta o **Sr. Xosé Magariños** se o Sr. Concelleiro de Medio Ambiente ten pensado arranxar o vertido de augas que hai en Lagartóns.

Responde o **Sr. Alcalde** que, como se dixo xa noutras sesións plenarias, que non existe ningún elemento público nesa zona e, polo tanto, non lle correspondente a esta entidade esta actuación.

O **Sr. Magariños** di que deberíase tomar algunha medida por ser un problema de saúde pública.

O **Sr. Alcalde** di que, no seu momento, se lle comunicou o problema a Augas de Galicia (Plan de Control de Vertidos), os cales pretendían trasladarnos a nós o problema, pero non é nosa a competencia, así que se lles dixo que trouxeran eles os medios e que procedan á súa revisión e arranxo.

O **Sr. Magariños** considera que deberíase poñer denuncia ante o SEPRONA, porque iso non pode estar así, ademais debe haber un veciño ou veciña que sabe que está facendo mal e hai que poñerlle solución.

Di o **Sr. Alcalde** que haberá que preguntarlle aos veciños da zona sobre este tema e así saber algo máis.

Pide novamente a palabra a **Sra. Belén Louzao** para trasladar a petición dos veciños de Santo André relativa ao arranxo da pista que baixa de Frades a Sto. André, porque parecer ser que houbo unha retirada de madeira e dito camiño quedou en mal estado, ademais por dito motivo tamén se alterou o caudal dun río, sendo necesario tamén retirar os restos de madeira no mesmo.

Tamén transmite unha pregunta dos veciños de Vilagude – Moreira sobre se van a asfaltar ou no.

Interrompe a concelleira do Partido Socialista, **Dna. Silvia Neira**, para aclarar que se trata dun camiño que comunica a Moreira con Ribeira, vial polémico por estar sempre cheo de baches

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cód. Validación: 7WVC7PNG-J4235N3CAGRE32NXY | Verificación: <http://sede.estrada.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 15 de 16



debido á deficiencia do seu firme, preguntando se o arranxo dese camiño está incluído no proxecto de pavimentación, ao igual que o camiño que vai dende a igrexa ao núcleo central de Vilagude.

Lle contesta o **Sr Alcalde** que enviarase ao técnico municipal para que revise ditos viais.

Non habendo máis intervencións polos concelleiros asistentes a esta sesión o Sr. Presidente pregunta ao público asistente se queren formular algún rogo ou pregunta, ao abeiro do Regulamento municipal de Participación Cidadá e, non habendo, procede levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas vinte minutos do día do seu comezo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**ACTA DO PLENO**  
Número: 2019-0005 Fecha: 03/05/2019



Cod. Validación: 7WVC7PNGJ4J235N3C4GRE3DNPY | Verificación: <http://aesстрада.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 16 de 16

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233